



Homes célibes e homilías: un problema de serie?

Marisa Vidal Collazo

A homilía é a pedra de toque para avaliar a proximidade e a capacidade de encontro dun Pastor co seu pobo. De feito, sabemos que os fieis danlle moita importancia; e eles, como os mesmos ministros ordenados, moitas veces sofren, uns ao escoitar e outros a predicar. É triste que así sexa. A homilía pode ser realmente unha intensa e feliz experiencia do Espírito, un reconfortante encontro coa Palabra, unha fonte constante de renovación e de crecemento. (EG 135)

Preparar unha homilía sei que non é doado, por iso quero que vaia por diante o meu agradecemento a todos os cregos que se preocupan por darlle calidade ás súas homilías. Grazas porque moitas veces escoito homilías de proveito para iluminar o meu camiño vital. Esta miña reflexión non pretende poñer aos predicadores baixo sospeita, senón encadrar as homilías nos marcos nos que se producen, ver que lastres arrastran e abrir reflexión para tentar superalos trazando novos camiños.

Eu xa non vou a misa a calquera lado. Por saúde relixiosa persoal, elixo ir a misa¹ alí onde coñezo ao celebrante e me ofrece mínima garantía de fidelidade á Palabra (no rural, tal elección sei que non é fácil). Máis dunha vez saín escandalizada dunha celebración porque a homilía era un insulto á teoloxía, á intelixencia e á madurez cristiá, social e política das persoas que alí estabamos. Teño oído

1 Penosamente constato que o que fago é «ir a misa». O correcto sería dicir que celebro a eucaristía en comunidade, pero desgraciadamente o papel do sacerdote nas celebracións das comunidades cristiás está tan sobredimensionado que practicamente non celebras coa comunidade (a metade da cal xa está sentada dádoche as costas), celebras co sacerdote... Pero este tema daría para outro artigo diferente deste que me proponho escribir.

en homilías dende estupideces que pretendían mover aos fieis a un perigoso e acrítico pietismo infantil ata mitins políticos pedindo o voto a certo partido político (sempre o mesmo). A prensa recolle de tanto en tanto vergoñentas homilías que destilan misoxinia, racismo, homofobia... Tendo isto en conta empezo a miña reflexión.

1.- O lugar no espazo

Nas homilías a voz de quen fala planea por riba de quen escoita porque o espazo físico do celebrante está tres chanzos por riba das cabezas dos fieis. Por máis que o número de fieis descenda, que cada vez haxa máis espazo nas igrexas, as situacións non cambian: o altar segue estando separado, lonxe da xente. O crego da miña parroquia quéixase de que as persoas que van a misa a diario son poucas e sempre sentan do terceiro banco para atrás. Eu dígolle que baixe o altar, que o coloque no medio... Hai ordes canónicas que gobernan os espazos, pero ben podíamos nas nosas comunidades romper esas regras e situar a liturxia no centro da comunidade cristiá non só no sentido metafórico e simbólico senón tamén no físico.

Non é neutral a situación de pastor e fieis na igrexa, e iso marca a homilía na súa linguaxe xestual e espacial. Un simple cambio de situación faría as celebracións máis próximas e vivas.

2.- O que se di

Con excesiva frecuencia a Igrexa católica creu que gozaba de tal grao de guía por parte de Deus que non tiña necesidade do dereito a equivocarse. Como consecuencia, pode estar ligada tanto teolóxica como psicolóxicamente, a decisións do pasado. Pode que sexa incapaz de avanzar, aínda cando hai probas evidentes de que determinadas decisións do pasado estiveron condicionadas pola época e que os argumentos que se empregaron para tomalas non son tan convincentes como noutrora se pensou².

2 Geoffrey Robinson, bispo emérito de Sidnei, foi entre 1997 e 2003 co-presidente da comisión que estudaba os casos de abusos sexuais na Igrexa australiana. A cita procede do seu libro *Poder y sexualidad en la Iglesia. Reivindicar el espíritu de Jesús*, Sal Terrae, 2008, pax 219.

Quen fala dende un ambón parece ter dereito a todo, mesmo a expresar opinións e xuízos que pouco teñen que ver coa mensaxe de Xesús e o seu Reino. E non existe a menor autocrítica, nin parece haber persoa ou organismo que regule ou modere os excesos. Ante os despropósitos que ás veces oímos os cristiáns nas homilías (e que a prensa se encarga de difundir e magnificar para aumentar a nosa vergoña) cal é a saída que temos? Serviría de algo denunciar as homilías como lle facían os fachas españois a Monseñor Tarancón?

É tamén curioso que cando se protesta porque o contido dunha homilía resulta preconiliar e premoderno, as autoridades eclesiásticas non soen facer moito caso. Pero se a protesta se fai porque molestan os contidos proféticos ou de denuncia social dunha homilía, esas protestas si chegan a instancias superiores e o crego en cuestión arríscase a recibir unha chamada de atención. Hai cregos que predicán con medo, que se autocensuran, e o medo en Pastoral é antievaxélico. Non debéra haber medo á propia Igrexa cando se está a transmitir a mensaxe liberadora do Evanxeo. Máxime cando quen ten medo é quen menos debéra telo: os cregos que din barbaridades nas homilías do demo se medo teñen! É xusto e necesario facer unha seria e honrada avaliación desta cuestión, que tanto dano fai á comunidade de fe. Non se pode vivir con medo nin quen ten a autoridade da Igrexa pode actuar de xeito discrecional.

3.- O poder da palabra

Quen ten a palabra diante dunha asemblea ten poder, sabe que o escoitan e ten ferramentas ao seu dispor para ser escoitado. Eu son profesora, e cando falo na aula doume conta dese poder. Tamén sei que teño unha maneira peculiar de ver o mundo, e ese meu xeito contaxia o meu discurso. Para ben e para mal, na miña clase transmito os meus medos, as miñas teimas, e aínda que fale de química, sei que a obxectividade non existe.

Do mesmo xeito, a homilía tamén está feita de subxectividade. O crego que fala é unha persoa, coas súas circunstancias vitais, co seu xeito de estar no mundo, xeito que transmite na súa homilía. Isto non é malo nin bo, pero é necesario telo en conta para non perder

de vista a necesaria humildade e tamén... para empezar a ver novas formas de facer e vivir a homilía.

O Concilio Vaticano II tentou camiñar ao ritmo que ía avanzando a sociedade e iniciou reformas ben necesarias que empezaron pola liturxia, pero levamos 50 anos sen avance, sen asumir novos retos pastorais ao socairo do espírito conciliar. Os cambios que se operaron nos anos 70 non foron seguidos doutros igual de necesarios, co cal volvemos quedar atrás. Hai que avanzar con paso firme e decidido polo camiño da renovación na nosa práctica pastoral. As nosas celebracións litúrxicas están necesitando moito un novo empurrón que as poña no mundo.

4.- Homes célibes revestidos de poder. Un problema?

Recollo todas as reflexións anteriores nesta última. As homilías, no lugar que ocupan e no seu contido, están ditadas só por homes célibes. Esta é unha cuestión que vexo con especial preocupación na nosa Igrexa, pois estas circunstancias, masculinidade e celibato, pode ser que en vez de axudar no desempeño pastoral o estean lastrando.

O celibato é unha opción persoal con limitacións, coma calquera outra opcións vital. Aquel discurso que establecía que o celibato era a forma máis perfecta de ser cristián sabemos que non é certo. Os sacerdotes equivócanse e cometen delitos igual que o resto dos mortais. Vendo a magnitude do escándalo da pederastia podemos pensar que hai claras eivas na formación que se imparte nos seminarios, que hai inmadurez emocional, erradas formas de entender as relacións persoais³... pero o que si é evidente é que

3 «Os seminarios tradicionais e os noviciados poden ser lugares malsanos para medrar en madurez (...) Hai moitos factores que non contribúen a un crecemento san: un entorno exclusivamente masculino, ausencia de proxenitores e outras figuras parentais, o outro sexo como «ameaza» para a vocación, no canto de como influencia positiva e esencial para os adolescentes, falla de preparación positiva para un modo de vida célibe... (...) A natureza impersoal da institución pode suscitar unha sensación de illamento persoal e isto pode verse acentuado polo énfase no intelectual e espiritual a expensas do desenvolvemento humano (...) Debemos cuestionarnos seriamente se estas institucións son o lugar axeitado para formar sacerdotes e relixiosos». GEOFFREY ROBINSON, *Poder y sexualidad en la Iglesia. Reivindicar el espíritu de Jesús*, Sal Terrae, 2008.

os abusos sexuais, todos os abusos sexuais, son delitos debidos a unha forma de entender e exercer o poder claramente dominadora e violenta.

En 2017, o 8 de marzo, Iñaki Gabilondo⁴ preguntábase porque ás mulleres non lles da por queimar indixentes nos caixeiros ou atacar en grupo a homes pola rúa. Preguntaba que arañeiras mentais teñen os homes que os leva a responder con violencia ante a frustración. A pregunta non é inocente e pon de manifesto un dos aspectos máis evidentes da educación en estereotipos de xénero nas sociedades patriarcais: a dicotomía dominio-submisión. Nesta dicotomía, a violencia é a ferramenta para apuntalar e soste o poder masculino.

O feminismo estanos abrindo os ollos para ver as diferenzas na construción persoal e social de homes e mulleres no marco da sociedade patriarcal na que todos estamos inmersos. Os estereotipos de xénero impoñen o desenvolver nas persoas unhas capacidades e actitudes en detrimento doutras en función do seu sexo biolóxico. Así, no exemplo, nos homes poténcianse as actitudes de dominio e nas mulleres as de submisión. Esas arañeiras mentais das que fala o xornalista Gabilondo son ben reais. Os homes exercen poder porque o patriarcado llo outorga, un poder que se sostén con violencia, violencia moi presente nas estruturas eclesiais, como ben puxo de manifesto hai tempo a Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria no documento *A violencia de xénero, violencia contra as mulleres*⁵.

Na Igrexa católica os órganos de goberno e decisión, a redacción de documentos, as ensinanzas nas homilías... están en mans de homes, e a min hai tempo que me proe a sospeita de que para a realización do labor pastoral ser varón non é mellor que ser muller. Hai algo na educación dos varóns que falla, e ese fallo parece un fallo «de serie» que xera actitudes que en nada conectan coa figura

4 IÑAKI GABILONDO, *Mujeres y hombres. Una reflexión sobre violencia de género en el Día Internacional de la Mujer*, en https://elpais.com/elpais/2017/03/08/videos/1488958355_773561.html

5 MCG EXERIA, *A violencia de xénero. Violencia contra as mulleres*, Encrucillada 181, xan-feb 2013, páx 43.

e a proposta do Evanxeo de Xesús, que, como di Pedro, «pasou facendo o ben e curando a todos os asoballados» (Feit 10, 38). Por todo isto, eu cuestiono que a mellor maneira de mediación entre o Deus de Xesús e o Pobo de Deus sexa a masculina.

A Igrexa ten que deixarse interpelar polas novas formas de construción das masculinidades fixándose en Xesús de Nazaret, copian-do del a súa maneira de entender a autoridade masculina desde novas interpretacións, poñéndoas en práctica nas súas implicacións pastorais. Halvor Moxnes, profesor de Novo Testamento na U. de Oslo, exprésao así:

Para Xesús, presentarse a si mesmo sen casa, «sen un lugar», significaba estar privado dun rol, xa fora como amo de casa, xa fora como fillo nun grupo familiar. Por iso, a súa masculinidade estaba ameazada. Non se comportaba como un «home de verdade». Estaba «fóra de lugar». E cando miramos os ditos de chamada de Xesús e os ditos de deixar a casa ou sobre os conflitos no grupo familiar, vemos que a maioría deles diríxense, explícita ou implicitamente, aos varóns⁶.

Xesús desprendeuse de todo poder, mesmo do poder que a sociedade lle confería polo feito de ser home. Como varón, estaba chamado a ser dono da súa casa, «posuír» unha muller, fillos... pero renuncia a todo iso para situarse fóra do lugar de poder social. Iso é o que reclama para todos os homes da súa comunidade cando lles pide «facerse eunucos polo Reino dos Ceos». Non se refire ás implicacións sexuais da afirmación (nas que se apoiou tradicionalmente o celibato) senón a situarse no lugar social dos eunucos: homes desprovistos de todo poder, mesmo do poder de mandar na casa na que viven, un poder do que gozaba todo home, pobre ou rico, só polo feito de selo.

Cómpre logo revisar a fondo a educación que reciben os futuros sacerdotes e propiciar neles unha formación humana e relixiosa

6 HALVOR MOXNES, *Poner a Jesús en su lugar. Una visión radical del grupo familiar y el Reino de Dios*. Ed Verbo Divino, 2005 (a tradución do inglés ao castelán é de Carmen Bernabé Ubieta).

san, construídos desde unha nova forma de exercer o poder e a masculinidade, en igualdade e tolerancia, lonxe de estruturas de poder e dominación.

5.- A feminidade perdida?

A Igrexa é nai e predica ao pobo como unha nai que lle fala ao seu fillo, sabendo que o fillo confía que todo o que se lle ensine será para ben porque se sabe amado. Ademais, a boa nai sabe recoñecer todo o que Deus sementou no seu fillo, escoita as súas inquiredanzas e aprende del. O espírito de amor que reina nunha familia guía tanto á nai como ao fillo nos seus diálogos, onde se ensina e aprende, corríxese e valórase o bo; así tamén ocorre na homilía (...) (EG 139)

Este ámbito materno-elesial no que se desenvolve o diálogo do Señor co seu pobo debe favorecerse e cultivarse mediante a proximidade cordial do predicador, o celme do seu ton de voz, a mansedume do estilo das súas frases, a alegría dos seus xestos. Aínda cando a homilía resulte algo aburrída, si está presente este espírito materno-elesial, sempre será fecunda, así como os aburrídos consellos dunha nai dan froito co tempo no corazón dos fillos. (EG 140)

Cando tal leo xorden en min dous sentimentos: por unha parte magóame este empeño do Papa por poñer ás mulleres-nais no alto dunha peaña, este contemplalas sen escoitar moito o que teñan que dicir... Dáme arrepió esa imaxe de «anxo do fogar», tan separada da vida real das mulleres reais. Conéctame coa idea de sacrificio que transmiten as «lecturas pías» sobre mártires incólumes, que sorrín e cantan durante o suplicio, con María Von Trapp, a noviza de *Sonrisas y lágrimas*⁷...

7 Hai unha dura historia de maltrato infantil nos métodos educativos de María Von Trapp que nada teñen que ver coa personaxe de Julie Andrews no filme de Robert Wise, de 1965. O anxo cantarín coa guitarra na man non é real. Ver ANTONIO SÁNCHEZ SOLÍS, «Salzburgo rechaza dedicar una calle a Maria von Trapp, la institutriz encarnada por Julie Andrews» (2/7/2017) <https://www.deia.eus/2017/09/02/ocio-y-cultura/cultura/maltrato-real-tras-sonrisas-y-lagrimas>.

Por outro lado, estas palabras soan a «todo para o pobo pero sen o pobo». Se tan positiva é a experiencia da maternidade porque a homilía está reservada só a varóns célibes? Porque as mulleres-nais non están autorizadas para falar desde un púlpito? Lembro a Olympe de Gouges, autora da *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* (1791) que na revolución francesa defendía que «Se a muller pode subir ao cadafalso, tamén se lle debería recoñecer o dereito de poder subir á Tribuna». Olympe morreu na guillotina sen ter pisado nunca a tribuna de oradores. Nos lle estará a pasar algo parecido ás mulleres na igrexa do século XXI?⁸

É obvio que aos sacerdotes lle faltan experiencias de vida distintas da propia, e non poden *impostar* o que non son. Por iso creo que é necesario abrir as homilías para que sexan canle de transmisión da fe de toda a comunidade para toda a comunidade. É todo o Pobo de Deus o que celebra, o que fai lectura crente da realidade, o que se sostén no amor e na esperanza trinitaria da resurrección. Compartir a fe, a vida, esixe dar voz ao pobo de Deus, a todo o pobo de Deus.

A celebración litúrxica é o centro da vida cristiá, pero... que vida cristiá reflicten as celebracións que temos? Que están alimentando exactamente? Así como unha comunidade non pode negar coa súa celebración o que vive no seu corazón, a forma das celebracións moldea e fai medrar unha maneira moi concreta e visible de vida comunitaria. A homilía non é unha excepción a esta premisa. Este espazo de reflexión, ensinanza e alimento da fe ten que abrirse á comunidade. O reto non é difícil, abonda con dar voz e palabra na celebración a quen participa dela. É necesario que as persoas da comunidade (coa formación necesaria, obviamente) asuman diferentes tarefas nas celebracións, cada unha na medida das súas posibilidades. Que a participación dos laicos sexa algo máis que

8 Con demasiada frecuencia o Papa Francisco míranos a nós, as mulleres (sobre todo ás nais), como modelo de entrega e servizo... Só somos iso? E en que lugar quedan os homes pais en todo este discurso? Non son eles tamén exemplo de abnegación e coidado? Sobre este tema xa escribín «Pais e nais á luz da *Amoris Laetitia*», *Encrucillada* 201, xan-feb 2017, pax 71.

proclamar as lecturas (todas menos o Evanxeo!), cantar ou facer preces. Os laicos, homes e mulleres, estamos preparados. Quere-mos a corresponsabilidade na Igrexa xa!

Xa é hora de quitarse de riba os medos: o medo a falar, o medo a ocupar os espazos de xeitos diversos, o medo a dar voz ao Pobo de Deus, o medo aos cambios necesarios para acadar unha práctica pastoral significativa no mundo de hoxe. Tamén cómpre revisar os estereotipos de xénero no interior da Igrexa, caer na conta de que o masculino non é o neutral, que o roles masculinos teñen pexas importantes que non casan co perfil que Xesús buscaba nos seus seguidores. É necesario o aporte de todos, mulleres e homes, na construción da comunidade eclesial, partillando tarefas e responsabilidades a todos os niveis.

Non sei se nos queda moito tempo para os cambios. Quero ser optimista, pero vexo como a xente escapa das celebracións litúrxicas porque non atopa nelas un referente para a súa vida. A Homilía é un dos lugares onde se xoga esa busca de referentes. Espero que non esteamos a perder a nosa última oportunidade de, como comunidade cristiá, ser significativos, aportar significación, no mundo no que nos toca vivir.

Marisa Vidal Collazo